



Oficial coidador/a, mantemento e control VigoZoo
OPE 2014-2015-2016

1º Exercicio - test (07/09/2021)

1. A Constitución española recoñece:
 - a) O dereito de asociación
 - b) A liberdade ideolóxica
 - c) **Todas as respostas son correctas**
 - d) O dereito de reunión

2. Non é un elemento do municipio:
 - a) Territorio
 - b) Poboación
 - c) Organización
 - d) **Administración**

3. En todos os municipios por si ou asociados deberán prestarse ,en todo caso, entre outros, os seguintes servizos públicos:
 - a) Protección civil, iluminación pública e limpeza viaria
 - b) Recollida de residuos, limpeza viaria e tratamento de residuos
 - c) **Iluminación pública, recollida de residuos e limpeza viaria**
 - d) Todas as respostas anteriores son correctas

4. En canto á práctica das notificacións nos procedementos administrativos:
 - a) Sempre se practicarán por medios electrónicos
 - b) **Practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía.**
 - c) Practicaranse indistintamente por medios electrónicos ou por medios non electrónicos
 - d) Practicaranse por medios electrónicos só nos municipios de máis de 50.000 habitantes

5. Segundo o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico dos empregados públicos, constitúe falta disciplinaria moi grave:
 - a) **Todas as accións dos apartados seguintes son faltas disciplinarias moi graves**
 - b) Toda actuación que supoña discriminación por razón de orixe racial ou étnica
 - c) O abandono do servizo, así como non facerse cargo voluntariamente das tarefas ou funcións encomendadas
 - d) A adopción de acordos manifestamente ilegais que causen prexuízo grave á Administración ou aos cidadáns



6. Dentro das funcións e tarefas dos oficiais coidadores do zoo atópanse:

- a) Limpeza e alimentación dos animais
- b) Manexar toda a maquinaria e equipos usados no seu oficio ou especialidade
- c) Cumplimentación dos partes de traballo realizado
- d) Todas as anteriores son correctas**

7. Ademais das funcións asociadas ao posto de oficial coidador do zoo, poderáselle asignar:

- a) Calquera función análoga, sempre que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico, en relación co servizo e coa súa categoría
- b) Calquera función análoga, en relación co servizo aínda que sexa doutra categoría
- c) Calquera función sempre que lle sexa encomendada polo seu superior xerárquico
- d) Todas as anteriores son incorrectas**

8. En canto aos recintos para cada especie de animais nun parque zoolóxico, recoméndase:

- a) Proporcionar aos animais un ambiente, espazo e mobiliario suficientes para permitir a visibilidade ante os visitantes do parque zoolóxico
- b) Proporcionar aos animais un ambiente, espazo e mobiliario suficientes para permitir o exercicio necesario para o benestar da especie**
- c) As instalacións serán de tamaño suficiente que permita que os animais en manadas ou grupos estean dominados por outros individuos.
- d) Todas as anteriores son incorrectas

9. Segundo la lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, os parques zoolóxicos están obrigados á elaboración, desenvolvemento e cumprimento de programas, cales dos indicados a continuación son correctos:

- a) Programa de conservación "in situ" de especies de fauna silvestre
- b) Programa de educación dirixido á concienciación dos traballadores no que respecta á conservación da biodiversidade
- c) Programa avanzado de atención veterinaria**
- d) Todas as anteriores son correctas

10. Segundo la lei 31/2003, do 27 de outubro, de conservación da fauna silvestre nos parques zoolóxicos, considérase infracción grave:

- a) A insuficiencia dos medios persoais e materiais esixidos na devandita lei
- b) Os malos tratos, abandono ou deterioración intencionados ou por negligencia dos animais do parque zoológico
- c) O incumprimento do deber de colaboración coa autoridade inspectora**
- d) A apertura, a modificación substancial ou a ampliación do parque zoológico sen a autorización do correspondente órgano competente



11. Dentro dos quelonios existentes no parque zoológico de Vigo atópanse (sinale a resposta correcta):

- a) **Tartaruga xeroglífico, galápagos leproso, tartaruga de escudo africana**
- b) Falsa coral, galápagos leproso, tartaruga de espolones africana
- c) Escinco de lingua azul, tartaruga de pescozo con franxas, galápagos leproso
- d) Todas as anteriores son correctas

12. Dende o punto de vista da “etoloxía”, a análise das relacións entre a estimulación que recibe un organismo e as respostas que este emite recibe o nome de:

- a) estudo das causas internas da conduta
- b) **estudo das causas externas da conduta**
- c) estudo da ontoxenia do comportamento
- d) a “etoloxía” non analiza estas relacións

13. Cal dos seguintes comportamentos animais é indicador de un benestar deficiente?

- a) comportamentos de acercamento realizados espontaneamente
- b) comportamentos de relaxación e descanso
- c) **cambios no seu comportamento contra depredadores**
- d) niveis de aseo ou aseo mutuo adecuados

14. A avaliación do benestar animal pode basearse :

- a) en medicións relativas ás disposicións ou recursos
- b) en respostas dos animais ao seu entorno
- c) ningunha é certa
- d) **a) e b) son correctas**

15. Conforme a lei de 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo, constitúe:

- a) dano irreparable
- b) accidente laboral
- c) enfermidade profesional
- d) **risco laboral**

16. Si sospeitamos que o animal ten unha fractura ou unha luxación, non debemos :

- a) transportar o animal evitando que camiñe
- b) inmovilizar o membro afectado
- c) **tratar de aliñar a fractura**
- d) ningunha é correcta

17. Sobre as seguintes afirmacións é falsa, en relación ao uso de tratamentos praguicidas en recintos de animais,

- a) **Pódense aplicar varios praguicidas de forma consecutiva e inmediata sobre as mesmas superficies para obter un resultado máis efectivo e duradeiro**
- b) Coa mestura de distintos produtos aplicados á vez lógrase un resultado menos efectivo



c) Os praguicidas que se usen en recintos animais necesitan estar inscritos no rexistro de praguicidas da DGS (Dirección General de Salud)

d) É necesario que o praguicida aplicado non entre en contacto directa ou indirectamente cos animais que albergue a instalación.

18. A alteración de factores ambientais que afecta á fisioloxía ou ao comportamento das especies considerada praga é un método de control:

a) Cultural

b) Xenético

c) Físico

d) Químico

19. A comunicación é esencial para a transmisión de información, Que canle comunicativo supón un maior custo enerxético para o animal?

a) Químico

b) Acústico

c) Visual

d) Táctil

20. A desinfección profiláctica é:

a) A que se realiza unha vez que se detectou unha infección

b) A que se realiza en recintos con animais enfermos que están en illamento

c) A que se realiza periodicamente e que ten como finalidade a prevención de enfermidades

d) Non existe ese tipo de desinfección.

21. Sinala a resposta incorrecta. En canto á contención de aves:

a) Debe controlarse a cabeza das aves de gran tamaño.

b) A maioría das aves poden conterse aproximándose polo lateral, agarrando a cabeza e o corpo e logo sostendo as patas.

c) Coas aves de extremidades e picos longos non adoitan usarse redes, xa que o risco de fracturas en extremidades é elevado.

d) As redes resultan útiles en moitas especies de aves, pero deben usarse con coidado para evitar fracturas de ás ou patas.

22. En canto aos elementos usados para a contención física dun animal:

a) As luvas de coiro duro son necesarios para manipular certas aves, monos e carnívoros pequenos.

b) As redes con aro deben ser profundas, de materiais resistentes e con ocos que non permitan ao animal forzar a súa cabeza a través deles.

c) Ningún tipo de rede debe ser usada para manipulacións ou traslados de longa duración.

d) Todas son verdadeiras.



23. Sinala a resposta correcta. En termos de ecoloxía:

- a) **A poboación é un grupo de organismos da mesma especie que ocupan un espazo concreto.**
- b) A poboación é un grupo de organismo de distintas especies que ocupan un espazo concreto.
- c) A comunidade é un grupo de organismo da mesma especie que ocupan un espazo concreto.
- d) todas son falsas.

24. En relación aos ecosistemas:

- a) O compoñente biótico dos ecosistemas está formado polas poboacións de plantas, animais e microorganismos.
- b) O compoñente abiótico dun ecosistema pode estar caracterizado polos seus factores físicos (temperatura, humidade, luz ...) e polos seus factores químicos (nutrintes esenciais).
- c) Os produtores, entre os que se atopan as algas, as plantas verdes e as cianobacterias, son seres autótrofos.
- d) **Todas son correctas.**

25. A Zooloxía:

- a) A Zooloxía é o estudo científico dos animais e as plantas e forma parte da Bioloxía.
- b) A Zooloxía é o estudo dos ecosistemas e forma parte da Bioloxía.
- c) **A Zooloxía é o estudo científico dos animais e forma parte da Bioloxía.**
- d) A Zooloxía é o estudo non científico dos animais e forma parte da Bioloxía.

26. Con relación á implementación dun plan de enriquecemento ambiental dos animais en cativeiro, sinala a resposta incorrecta:

- a) O enriquecemento alimenticio debe recollese e limparse diariamente, mentres que o enriquecemento olfatorio desaparece por si só.
- b) Deixar un artigo de enriquecemento por un período longo de tempo pode levar consecuencias negativas.
- c) **Os mobles sobre os cales os animais realizan a súa marcaxe de cheiros deben ser desinfectados a diario.**
- d) A variedade de artigos de enriquecemento é tan importante como a cantidade de tempo que deben deixarse no recinto.

27. Á hora de realizar un enriquecemento ambiental da vida dos animais en cativeiro terase en conta que:

- a) As feces e ouriños doutros animais usados como enriquecemento non deben conter parásitos.
- b) É desaconsellable cubrir as sogas e cadeas con tubos de PVC, ademais, o seu tamaño debe ser o máis curto posible.
- c) Os artigos de enriquecemento non deben conter material tóxico.
- d) **As respostas a) e c) son certas.**

28. En relación coa importancia do enriquecemento ambiental da vida dos animais en cativeiro, sinala a resposta incorrecta:



- a) Serve para promover certos comportamentos específicos naturais da especie.
- b) Facilita o traballo dos coidadores.
- c) Serve como ferramenta de educación sobre a conservación e o benestar animal, sempre que se execute correctamente.
- d) Todas son falsas.**

29. En relación aos indicadores de benestar animal, cales son indicadores fisiolóxicos?:

- a) A concentración de oxitocina, a lonxitude de telómeros, o cociente de heterófilos.**
- b) A concentración de oxitocina, a concentración de cortisona e estereotipias.
- c) A lonxitude de telómeros, a concentración de cortisol, a apatía e a condición corporal.
- d) Todas son falsas.

30. Cal das seguintes respostas é incorrecta segundo o principio do cinco liberdades relacionadas co concepto de benestar animal?:

- a) O animal non sofre sede, fame nin mal nutrición.
- b) O animal non sofre lesións, enfermidades nin dor.
- c) O animal non sofre tensión física nin térmica, a pesar de non proporcionarlle un ambiente adecuado ás súas necesidades.**
- d) O animal non experimenta medo nin tensión

PREGUNTAS DE RESERVA

31. En canto ao termo municipal:

- a) É o final do municipio
- b) É o territorio en que o concello exerce as súas competencias**
- c) Pode ser alterado cada cinco anos si a maioría da poboación así o vota en referendun
- d) Como elemento esencial do municipio, é inalterable

32. En canto ás barreiras de separación entre animais e visitantes nos parques zoolóxicos recoméndase:

- a) Cando fose posible o contacto directo entre os visitantes e animais perigosos a través ou por encima de calquera barreira de instalación, na medida en que tal animal fose capaz de causar lesións, instalárase unha barreira de separación suficientemente atrás como para evitar o devandito contacto**
- b) Cando fose posible o contacto directo entre os visitantes e animais perigosos a través ou por encima de calquera barreira de instalación, na medida en que tal animal fose capaz de causar lesións, instalárase unha tripla barreira de separación suficientemente atrás como para evitar o devandito contacto
- c) Cando non fose posible o contacto directo entre os visitantes e animais perigosos a través ou por encima de calquera barreira de instalación, na medida en que tal animal fose capaz de causar lesións, instalárase unha tripla barreira de separación suficientemente atrás como para evitar o devandito contacto
- d) Todas as anteriores son incorrectas



33. Dentro das especies existentes no parque zoológico de Vigo está o Petauro de azucre, cuxas características son:

- a) Posúen unha membrana a cada lado do corpo que vai dende o quinto dedo da man ata o pulgar do pé, denominado “patagio”
- b) A cola é tan longa como o corpo e está cuberta por abundante pelo
- c) Secretan unha substancia que o macho dominante usa para marcar o seu territorio, obxectos e membros do seu grupo

d) Todas as anteriores son correctas

34. A conduta dos animais é o resultado de:

- a) factores causais externos
- b) factores causais internos
- c) factores causais externos e internos**
- d) ningunha é correcta

35. Segundo a lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, non é unha obrigaón da traballador:

- a) recibir formación en materia preventiva**
- b) usar adecuadamente os equipos de traballo.
- c) velar pola seguridade dos seus compañeiros
- d) utilizar correctamente os equipos de protección

36. Unha lesión cutánea causada por calor seca denomínase:

- a) queimadura**
- b) escaldadura
- c) hematoma
- d) contusión

37. A cantidade de alimento a fornecer deberá estar claramente establecida polo veterinario atendendo a:

- a) Requirimentos de cada especie e valor nutritivo do alimento fornecido.**
- b) O gusto alimenticio do animal
- c) As indicacións do coidador correspondente.
- d) As indicacións do capataz.

38. En relación á área de preparación de alimentos, non é correcto

- a) As áreas de almacenamento deben localizarse o máis preto posible á entrada do servizo
- b) As superficies das mesas, onde a comida se prepara, debe ser de madeira para facilitar a súa limpeza**
- c) As gretas en paredes e teitos deben de estar seladas
- d) É recomendable ter unha área específica asignada ao manexo de carnes e peixes

39. En canto aos desinfectantes, sinala a resposta que non é correcta:



a) A lixivia é unha solución de hiperclorito sódico

b) Os desinfectantes baseados en iodo, coñecidos como iodóforos son menos corrosivos

c) A calor húmida é un método de desinfección física

d) O ozono é un desinfectante químico

40. Que elementos non forman parte do concepto de benestar animal?:

a) Ausencia de emocións negativas como medo, dor ou tensión.

b) Confort térmico, físico e alimentación adecuada.

c) Ausencia de emocións positivas.

d) Presenza de emocións positivas.